

A precarización do traballo dos coidados é VIOLENCIA MACHISTA

Todas as persoas necesitamos e necesitaremos coidados nalgún momento. A nosa vida non sería viábel sen que alguén se fixese cargo de nós, ou sen que alguén nos coidase e nos protexese. Porque as persoas precisamos de coidados durante o proceso de crecemento, mais tamén durante as enfermidades, as discapacidades que poidan xurdir, o proceso de envellecemento e finalmente na morte.

Por este motivo, o estado ten a obriga e o deber de asumir con urxencia **a necesidade de socializar o coidado**, recoñecéndoo como un **dereito universal para todas as persoas**, e rematando coa inercia social de que este dependa exclusivamente da familia e, en concreto, nas mulleres. Os recursos e servizos sociais de atención ás persoas teñen que deixar de ser unha actividade residual, socialmente pouco valorada e con escasas retribucións. Especialmente se temos en conta o envellecemento poboacional que deriva directamente na extensión de enfermidades crónicas e polo tanto na necesidade de coidados durante unha porción maior da vida.

O sistema capitalista acentúa a división sexual dos traballos e o mantementos dos coidados na esfera privada, ocultando o valor social e económico a este tipo de tarefas. Pretende conseguir maiores ganancias con menos custos. Invisibilizando e desvalorizando os traballos dos coidados, aforra directamente facerse cargo destes, contribuíndo á acumulación da riqueza.

Mais **o traballo de coidados é imprescindible para o sostén da vida. É un traballo invisibilizado, que non se recoñece, nin se valora**. As mulleres son as que realizan o traballo de coidados, tanto de balde, na gran maioría dos fogares, a través da economía somerxida, ou ben a nivel asalariado nas empresas que se ocupan destes. Están sobrerrepresentadas en empregos relacionados co traballo no fogar, a limpeza, a saúde, os servizos sociais e de atención á dependencia. Perciben baixos salarios, traballan en situación de vulnerabilidade, desprotexidas tanto na súa vida laboral, como á hora de acceder a pensións, sendo estas de contía mísera. E polo tanto, teñen un **risco de exposición á violencia maior**.

E neste círculo explotador, as administracións xogan un papel determinante. Tanto a Xunta de Galiza como os concellos son cómplices desta situación de precariedade, situación que se agrava cando se lles adxudica o servizo a empresas:

- A subestimación do traballo que desenvolven vai parella a unha falta de investimento no sistema de vixilancia da saúde (*non se lles facilitan equipos de prevención de riscos que axuden a manipular as cargas ás que están sometidas para realizar cambios posturais, aseos, vestimenta, desprazamento das persoas usuarias, non existe a prevención de riscos psicosociais, etc.*).
- Nun país cun rural avellentado, disperso xeograficamente, non lles é contabilizado o tempo entre xornadas, son obrigadas a asumir tanto o custo dos desprazamentos aos domicilios nos que teñen que desenvolver o seu traballo, como o das chamadas de teléfono realizadas desde o seu teléfono particular, usado como ferramenta de traballo.
- Non se lles recoñecen as enfermidades e accidentes profesionais causados polos continuos esforzos físicos que realizan.
- Malia estaren contratadas moitas delas a tempo parcial, fan horas extras que non perciben.
- Móvenlles as xornadas a diario, sen que xeren dereito a vacacións nin se lles pague a antigüidade.
- Este tipo de servizos son utilizados electoralmente como servizos “á carta”. Ao non haber unha delimitación clara das tarefas que teñen que desenvolver, multiplícanse os abusos, obrigándoas a desenvolver un traballo non cualificado ou para o que non están contratadas (por exemplo, tarefas de limpeza en infravivendas que inclúen desparasitación, limpeza e recados para a familia da persoa usuaria que non teñen que realizar...).
- Son obxecto de acoso, maltratos físicos, psicolóxicos, e agresións sexuais.

É preciso poñer fin a esta **violencia institucional**. Por iso desde a **CIG** esiximos:

- A integración no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e de Benestar de todo o persoal que traballe nos servizos de axuda no fogar, universalizando a atención á dependencia con servizos sociais de axuda a domicilio, centros de día e residencias asistidas de carácter público.
- Recoñecemento pleno dos dereitos laborais e protección social para as traballadoras do fogar e de coidados no Estatuto dos e das Traballadoras e a súa integración completa no Réxime da Seguridade Social.
- Salarios dignos e adecuados ao grao de responsabilidade que esixe o traballo de coidados.
- Accións formativas específicas para o desempeño dos postos, garantindo o cumprimento da lei de prevención de riscos laborais, recoñecendo as enfermidades profesionais e accidentes de traballo, establecendo medidas preventivas e protocolos de actuación ante o acoso e os riscos psicosociais derivados da actividade.

En definitiva, unha **revalorización sociolaboral do traballo de coidados**.

É a nosa obriga sinalar o **Estado** e a **Xunta de Galiza** como **culpábeis da precarización de milleiros de mulleres que traballan no sector dos coidados**, sexa mediante unha xestión directa por parte da administración pública, ou privatizados por empresas que as escravizan. Acusamos directamente a todo un sistema que baixo o eufemismo do benestar, violenta deliberadamente a miles de mulleres no país, dun sistema que converte a miseria de moitas en cartos para uns poucos, que non fai máis que espallar a frustración das persoas ás que van dirixidos os servizos e escraviza as mulleres que neles traballan. **Miles de mulleres que son silenciadas, vítimas dunha violencia sistémica, tolerada pola sociedade.**

Estamos a falar dun sistema que dismantela os empregos de calidade que deberían ser públicos, para sacar a concurso caterings, SAF, xestión de centros de día, residencias da terceira idade, deixando o rural sen atención primaria, reducindo os recursos da atención especializada, deixando sen recursos o ensino público, os servizos sociais, poxando o prezo do traballo de coidados, sacándolles ás traballadoras e poñéndoo ao servizo do capital.

Non á nosa conta! As mulleres coidadoras somos a cara invisíbel da explotación machista e da violencia institucional! Participa connosco nas mobilizacións que temos convocadas na túa comarca durante a mañá do 25 de novembro!

A precarización do traballo dos coidados é VIOLENCIA MACHISTA!

Secretaría Confederal das Mulleres da CIG

Alfonso Molina s/n, 8º andar - Edificio sindical
15008 A Coruña

Teléfonos:

981 169 293 (centralíña) 981 900 633 (directo)
Fax. 981 151 539

Correo:

muller@galizacig.gal



Secretaría das mulleres



Confederación Intersindical Galega
www.cig.gal

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN
DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

25
de
NOVEMBRO

A Precarización do Traballo dos Coidados é VIOLENCIA MACHISTA



Secretaría das mulleres